

# AS Máquinas

Término	Definición
Máquinas	Obxectos que empregamos para aforrar tempo e esforzo ao realizar as nosas actividades.
Máquinas simples	Máquinas que están formadas por unha ou poucas pezas
Máquinas complexas	Máquinas que teñen moitas pezas.
Máquinas mecánicas	As máquinas que se usan para desprazar ou levantar obxectos pesados ou producir movemento.
Máquinas térmicas	Máquinas cuxo principio de funcionamento é o intercambio de calor entre dous focos.
Máquinas eléctricas	Máquinas que transforman un tipo de enerxía eléctrica en outro (transformadores), en movemento (motores) ou ben transforman enerxía mecánica en eléctrica (xeradores).
Máquinas hidráulicas	Máquinas que operan con líquidos, como as bombas
Estrutura	Parte sobre a que se apoian os demais elementos dunha máquina.
Cuberta ou carcasa	Serve para protexer a máquina e para que outros elementos da máquina se unan a ela.
Motor	Tipo de máquina que transforma calquera forma de enerxía en enerxía mecánica ( en movemento)
Un motor .eléctrico.	Tipo de máquina que transforma a enerxía eléctrica en enerxía mecánica

Un motor de explosión	Tiipo de máquina que obtén enerxía mecánica directamente da enerxía química producida por un combustíbel que arde dentro dunha cámara de combustión, a parte principal dun motor.
Sensor	Dispositivo formado por células sensibles que detecta variacións nunha magnitude física e convérteas en sinais útiles para un sistema de medida ou control.
Operadores mecánicos	Son pezas móbiles que se empregan para transmitir o movemento ou a forza nas máquinas mecánicas.
Indicadores	Elementos en que aparece información, normalmente, sobre o funcionamento da propia máquina.
As cremalleiras	Son pezas alongadas con dentes en que se poden encaixar rodas dentadas ou outros operadores.
As manivelas	Empreganse nalgunhas máquinas manuais para iniciar o movemento.
Mecanismo	Unión de varios operadores .
Engrenaxes	Mecanismos formados por dous ou máis operadores que encaixan entre si grazas a que teñen uns saíntes chamados dentes. Serven para transmitir o movemento.